

## INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA IGUALAR<sup>3</sup>

A vindeira semana darán comezo as actividades da segunda edición do **Programa IGUALAR<sup>3</sup>** que pon en marcha o Centro de Información á Muller da Mancomunidades de Ordes e que conta co financiamento da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo.

Este programa naceu co fin de formar criticamente á poboación xuvenil dos concellos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, para medrar, desenvolverse e relacionarse plenamente sen prexuízos sexistas.

Nesta segunda edición do programa preténdese que alumnado sexa capaz de identificar e percibir o risco de determinados usos das TICs que fomentan a violencia machista e reproducen comportamentos contrarios a igualdade entre mulleres e homes; así como da necesidade de previlas adquirindo valores, actitudes e comportamentos que promovan novos modelos igualitarios.

### OBXECTIVOS:

Os obxectivos do mesmo son os seguintes:

- Promover no alumnado o desenvolvemento das habilidades e estratexias de comunicación para unha resolución de conflitos non violenta: escoita activa, expresión de sentimentos e asertividade.
- Mellorar o autoconhecimento.
- Fomentar a formación en igualdade da poboación xuvenil.
- Modificar modelos e prexuízos baseados nas diferenzas de xénero.
- Desenvolver a capacidade de comunicación e de resolución de conflitos de xeito pacífico.
- Sensibilizar sobre a violencia de xénero e as súas causas.
- Fomentar as relacións igualitarias entre o alumnado.

### A QUEN VAI DIRIXIDO?

Ao alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO dos centros da comarca.

## DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA E CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO

O **Programa IGUALAR<sup>3</sup>** está concibido para desenvolver **dúas sesións por aula en cada grupo destinatario** co fin de conmemorar conxuntamente o 25 de novembro, **Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres**. Cada centro educativo realizará as seguintes actividades:

- Lectura nas aulas dun Manifesto contra a violencia de xénero elaborado polo alumnado
- Sinatura do Manifesto por parte do alumnado e profesorado
- Proxección dos traballos audiovisuais realizados nas sesións de traballo
- FOTOCALL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: ao longo do día 25 de novembro o alumnado de cada centro poderá fotografarse diante dun fotocall con lemas contra a violencia de xénero.

Con todos os traballos realizados nos centros, crearase unha exposición audiovisual para compartir entre os centros educativos da comarca.

Ademais destas sesións, contarase cun **blogue** no que calquera persoa interesada poderá coñecer as actividades que se realizan nos centros da comarca, ao mesmo tempo que servirá de instrumento útil para que o alumnado se implique no programa.

### CENTROS PARTICIPANTES:

Concello	Centro educativo
Cerceda	CPI O Cruce
Frades	CPI Ponte Carreira
Mesía	CPI Xanceda
Ordes	IES N° 1
	IES Maruxa Mallo
Oroso	IES Sigüeiro
Tordoia	CPI Pecalama
Trazo	CPI Viaño Pequeno